

A COMARCA DO EUME

Eva Veiga

Unha iniciativa de



co apoio de



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO
Secretaría Xeral para o Turismo



XACOBEO 2010
Galicia

Quen isto escribe confésase adoito invadida pola inútil tentación de pensar como sería esta paisaxe antes de que a habitara o ser humano. E, certamente, o resultado sempre é o mesmo: unha paisaxe imposible.

A comarca do Eume, malia posuír unha voz inmemorial e mineral, a do río que a vertebra como medula nutricia, e por riba dos propios axentes naturais que a veñen conformando ao longo do tempo, de certo débelle a súa fascinante traza a un misterio que máis terá que ver cos homes e as mulleres que sucesivamente virían alentando a súa memoria ou estragándoa como fan o salitre, a acidez do solo ou as escavadoras. Unha memoria ben inaprensible, como diluída ás veces nun vento que a espalla de acó para aló e apenas deja probas demasiado evidentes. Xa que logo, os historiadores vense decote nainxente pero creativa tarefa de pescudar e imaginar. Cada descuberta significativa é un tesouro, unha peza imprescindible na reconstrucción do mosaico cultural que, porén, caracteriza estas terras. Terras, por outra parte, de moi distinta composición edafoloxica e, como non, de diferente relevo; tamén de vista e de vida heteroxéneas. Unha diversidade que o Eume alimenta, de leste a oeste e dende as ondas graníticas da Dorsal Meridiana, deixando ao seu paso a conca das Pontes de García Rodríguez, as lombas suaves que caracterizan os montes de Monfero e da Capela, ata chegar ás paisaxes costeiras -máis abruptas- de Pontedeume e de Cabanas.

Mais, sen dúbida, é o Parque Natural das Fragas do Eume, un espazo marabilloso que latexa áinda con lonxincuos acentos, o auténtico corazón desta comarca; non en balde, ao seu través o río faise máis despenado e vizoso, como se nalgúns momentos tivese présa por se entregar ao mar en derradeiro e amoroso abrazo. Concupiscente frecha no Arco dos Ártabros.

Fluxo e refluxo; vida e morte: rexeneración que é senso primordial das augas. Se cadra, esa corrente que é tamén remonte, inspirou nas xentes que atenderon o seu murmurio a súa apertura a unha existencia máis espiritual. Nesta comarca atopáronse os xacementos funerarios megalíticos máis importantes de Galicia e espalladas pola súa xeografía áinda podemos esculcar as pegadas dunha cultura que gravou na pedra expresivos signos, construíu castros, practicou a ourivería, buscou o contacto sagrado cos forzas telúricas e cósmicas, primeiro a ceo aberto despois en pechados templos; celebrou a ceremonia do silencio en afastados mosteiros e ergueu fortalezas feudais, pazos, pontes e máis igrexas; constituíu vilas e parroquias e lugares cuxo nome é unha historia por descifrar. Neste territorio hai máis ríos e muíños e hórreos e fontes e tamén hai barcos; e, como en case todas partes, polo labirinto da súa memoria pululan lendas e historias de melodramas e de sucesos infames.

Asemade aquí florea a mestría do artesán e a arte da palabra, da música ou do pincel.

Mais, por riba de todo, quixeramos salientar os camiños; camiños coa súa carne de terra e os seus ósos de canto á intemperie; os camiños que mellor saben da nosa vida.

PONTEDEUME

Nós sabiamos, coa certeza propia da infancia, que o Castelo de Andrade erguérano os *mouros* nunha noite; iso nos aprenderon as avoas. Se cadra, elas ao igual que as súas antecesoras, elixiron o encantamento desa historia no canto dunha verdade histórica más avesa. Porque o certo é que os Andrade dominaron estas e outras terras coa cobiza e altiveza dos auténticos señores feudais, e as resonancias daquel sistema socioeconómico mesmo alcanzarán a existencia das nosas nais, vidas áinda de minifundio e alcabalas.

Sobre a pena Leboreiro, na parroquia de Nogueirosa, érguese -en visible dominancia- a devandita torre coma unha árbore petrificada que afunde o seu tronco na dureza do chan ao que se agarra coas súas raiceiras ocas pois, como quere a lenda, un camiño de galerías subterráneas comunicaría o baluarte co pazo da familia na propia vila de Pontedeume. Unha estancia, sen dúbida máis habitable, porén inscrita tamén no sistema defensivo das murallas e contra a que as revoltas irmandiñas baterían a súa indignación (a primeira foi a chamada “Fusquenlla” nos tempos de Nuno Freire de Andrade, *O Mao*, en 1431). Do Alcázar só fica en pé o Torreón, situado na Praza do Conde e hoxe Centro de Interpretación, en cuxo exterior podemos admirar o escudo que, labrado en pedra de granito, representa os brasóns das familias de Andrade e Lemos, despois de que se uniran no século XVII, e doutras familias que enlazaran con elas, como escribe Couceiro Freijomil na súa *Historia de Pontedeume e a súa comarca*. Mais tamén haberá que significar neste escudo as 18 bandeiras que simbolizan as que don Fernando de Andrade gañara aos franceses na batalla de Seminara. En calquera caso, cómpre dicir que tanto o castelo coma o pazo inexistente ou coma o propio torreón son do padroado de Fernán Pérez de Andrade o *Bo*, primeiro señor de Pontedeume por concesión que lle fai Henrique II de Trastámara en pago pola axuda que recibe do galego na súa loita fratricida con Pedro I. Perde así a nosa vila a súa relativa autonomía outorgada en carta fundacional por privilexio de Afonso X o *Sabio* en 1270.

Non obstante, co *Bo*, Pontedeume entra nunha nova etapa de desenvolvemento medieval e moi especialmente no eido construtivo, pois non en balde se lle atribúe ao de Andrade a autoría de “sete pontes, sete igrexas, sete hospitais e sete mosteiros”. E o certo é que a el se deben nesta vila, ademais dos monumentos citados, a promoción de obras na igrexa de Santiago -que o arcebispo, de orixe eumesa, Bartolomé Raxoi impulsaría definitivamente no século XVIII- e, se cadra, a súa obra máis

importante para a comarca, en especial polo seu valor estratégico: a ponte de pedra que salva as augas arremuiñadas do mar e do Eume. Unha ponte que nun principio contaba con 78 arcos apuntados, dúas torres, unha capela e un hospital para peregrinos, polo que foi considerada unha das más longas de España e ainda de Europa; logo de diversas peripecias históricas, a ponte só mantén na actualidade 15 arcos semicirculares e, como reminiscencia daquel pasado, gardan hoxe a súa entrada a carón da vila o xabarís e o oso, emblemas da casa dos Andrade. É dicir, como simbólicas representacións dun poder espiritual e doutro más temporal, os dous animais continuarán mirando como momentáneas variacións dun tempo quedo, ao lado da ponte ferro, o lene abaneo dos barcos no peirao; e da outra banda, o exquisito porte das garzas sorprendidas na demora do esteiro que se deita manso baixo a ponte compacta da autoestrada AP-9. E ainda, os pétreos tótems presentirán as forzas telúricas que ás súas costas vibran dende os adentros do couto de Breamo.

Porque, abeirada na aba deste monte, Pontedeume soña entre soportais e empedrados unha danza druídica, un tempo fóra do tempo que a montaña garda como no fol dunha gaita e ao que ritualmente os eumeses acceden en dúas ocasións: o 8 de maio e 29 de setembro con motivo das dúas romarías á igrexa de San Miguel de Breamo, un fermosísimo templo románico e en perfecto estado de conservación. Certamente, algo extraordinario acontece neste outo espazo, algo que excede a explicación racional e que, se cadra, ten que ver coa resonancia de feitos profundamente espirituais e misteriosamente cifrados tanto no absoto corpo da hermita como na paisaxe. Todo invita aquí á interiorización, mais tamén á contemplación dun contorno excepcional que abrangue as parroquias de Andrade, Boebre, Nogueirosa ou Ombre: extensa e branca tremedeira primaveral cando as flores das cerdeiras abren os seus ollos de neve nunha especie de delicada e vívida estampa xaponesa. Pero, tamén o corazón da mística rosa de Breamo mira ao mar, ao solpor dunhas augas que se engastan nas rías de Betanzos, Sada e Ares: o “espazo aberto” que tanto inspiraría ao filósofo Carlos Gurméndez e a quen o concello de Pontedeume homenaxeou co miradoiro que en Centroña leva o seu nome.

Mais, sen dúbida, ese mar impresionaría igualmente aos romanos, os habitantes dos castros e outros poboadores más antigos e más descoñecidos que, sen dúbida, perduran dalgún modo non só na súa pegada material, senón nun inconsciente colectivo que se manifesta en ritmos propios, nas lendas, nos topónimos, nos recendos,... E sempre na pedra.

CABANAS

Todo olor é un camiño que aceptamos ou rexeitamos, pero en calquera caso o camiño ordena a paisaxe.

Cruzamos a ponte que une Pontedeume co concello de Cabanas. Baixo o padal dos arcos escoitamos a leve lammedela das augas contra os piares, como se estivesen a elaborar un perfume con dúas bases moi distintas: o frío seco e condimentado das dilatadas chairas do mar, e o frío más verde e húmido que o río achega dende a montaña co seu transparente fardel de cantos escorregadizos, lirios e resinas. Ao cabo, grávido perfume da Ría que ascende con lentura e se estende en rico abano de matices: lonxincuo e próximo, comunicativo e misterioso... E inevitable se nos fai entón tomar o camiño que nos leva á praia; á magnífica praia da Magdalena. Entramos así nun ámbito perenne de salgada louzanía e roibo arume, unha atmosfera única que envolve o piñeiral da praia como unha embalsamada cabeleira que peitea o vento e pola que os esquíos trepan puntillosos e xogadores. Daquela, inspiramos fondo e afundimos os pes na finísima area e achegámonos a un mar doce, case maternal, que cada día esperta como un diamante para recollerse cara a noite entre o roibén e a sombra. Por Cabanas pasa o tren. E o camiño Inglés. E o río Castro. E fica San Martiño de Porto coa súa igrexa. E permanece a cultura megalítica no Monte dos Golpes e en Monte Punxeiro. E serpea Laraxe. E van e veñen homes e mulleres cara o marco de San Lorenzo: un fito que protexe e sanda diversas doenzas e fai de lindeiro de dous concellos -o de Cabanas e o de Fene- e de catro parroquias -San Salvador de Maniños, Santa Olaia de Limodre, San Martiño do Porto e San Mamede de Laraxe. Quen vai na procura destes poderes debe recoller nunha encrucillada nove pedras que levará consigo e en absoluto silencio polo camiño de castiros e carballos que conduce ao lugar sagrado, onde seica existiu antano unha capela dedicada ao santo. Unha vez chegados ao lugar, daranse nove voltas arredor da pedra, guindando por riba do ombreiro esquierdo unha pedra de cada volta, mentres se formula a petición ou oración. A vixencia do ritual é hoxe en día absoluta, malia ser a pedra non moi grande e estar situada nun lugar nada preeminente. Non obstante, a feitura do marco e a súa mesma presenza producen profunda impresión. Un tempo ancestral semella agromar nos seus liques. Na visita que facemos ao máxico lugar levamos connosco o noso Pauliño que conta sete meses de idade: el tamén garda total silencio e en todo momento o seu rostro amosa un gozoso sorriso que parece dicir que aquí se está ben.

Outro marco, no concello de Cabanas, é o do Salto. Este é algo más grande, fica ergueito, e quita o meigallo e o mal de ollo, pero apenas conta agora con concorrenza ningunha. Divide as parroquias de Santa Cruz do Salto, San Mamede de Laraxe e San Estevo de Irís.

A CAPELA

Ao subir a estrada que atravesa o lugar de Irís, xa no concello d'A Capela, a nosa mirada descenderá irresistiblemente -como se abaixan as hortas e as vides- a carón do río Eume que se demora en meandros antes de se entregar ao mar. Un espectáculo do que participa do outro lado a parroquia eumesa de Ombre.

Alcanzamos así Soaserra e, se collemos á esquerda cara ás Neves, descubriremos paisaxes tan impresionantes como as que miraremos logo cando nos decidamos pola marxe dereita.

O noso destino é chegar ao Forgoselo, pero de camiño detémonos na capela da Nosa Señora das Neves, de orixe románica e en cuxo interior se garda nun relicario a casulla e un cáliz de San Rosendo, fundador do mosteiro de Caaveiro.

Imos deixando atrás unha terra de praderías, carballeiras e ameneiros ata que o monte se vai facendo espido e pedregoso.

Estamos no alto do Forgoselo. Baixo o testemuño dun sol cenital e a indiferenza dos muíños eólicos, as vacas do país e os cabalos ceibes ripan no mato e acoden cortesmente aos bebedoiros. A respiración enche os pulmóns de vida. O vento encréspase ou repta ondulante polas valgadas. Antón e Xoán xogan á pillada dando voltas no curro onde cada primavera se celebra a rapa das bestas. Uns carteis explican o que son as mámoas ou medoñas. Aquí hai catalogadas más de trinta pertencentes á época neolítica, como tamén están rexistrados os petróglifos d'Os Corregosos en Vilardemouros ou da rocha d'Os mosqueiros en Gunxel.

Dende este monte saen varias rotas de sendeirismo. Podemos achegarnos até a Pena dos Tres Pés ou até o Pico Ventoso ou ao Racamonde dende onde a vista é certamente espectacular. Mais tamén podemos seguir a rota do río Beelle entre o murmurio -ao que concorren tamén as augas dos numerosos regatos- e o *vento ventiño* entre a follaxe dos ameneiros, carballos ou salgueiros. Víaxe deliciosa por unha paisaxe de grande valor ecolóxico que nos agasalla igualmente con obras humanas tan interesantes como a igrexa de Santa María de Cabalar ou a ferrería hidráulica do Machuco.

Porén, se queremos afondar nas raíces culturais deste mundo rural iremos curiosos ao lugar de Pazo onde se atopa o Museo Etnográfico da Capela, a carón da igrexa parroquial de Santiago -do século XII- e xa nos lindes do Parque Natural das Fragas do Eume. Precisamente dende aquí parte o camiño medieval que conduce, por paraxes fabulosas, á xoia monumental deste concello: o mosteiro de San Xoán de Caaveiro, que foi

dos sacerdotes regulares de San Agostiño, pero que a tradición quere que fose fundado por San Rosendo no 936 e áinda se especula que fose aquí onde o santo soñou o seu ambicioso proxecto de Celanova. En calquera caso, o certo é que sempre paga a pena achegarse a este conxunto -no que salienta a ábsida románica e a grande torre barroca- que se erixe maxestoso sobre un inexpugnable promontorio e tamén sobre as ruínas que o tempo e o desleixo lle infrinxiron. Mientras o seu pedestal é abrazado polo repenieiro río Sesín e polo heroico Eume, dende a súa alta solaina a ollada esténdese e faise densa nas mestas masas de verde e castaño e amarelo e ocre, e o corazón encóllesenos de infinito. Van as nosas bágoas emocionadas ante tanta beleza nas augas do río grande que, como unha lingua de zafiros, canta os diferentes acentos da natureza que el mesmo cultiva e fecunda. Porque este río despenado e romántico -onde seica Lord Byron viu reflectida a súa alma- alenta un bosque único na Europa Atlántica, un bosque no que subsisten especies xa extinguidas noutras latitudes. Pero as fragas son unha historia de lentura que deixamos para outra xornada, así que agora remontamos río arriba por un paseo no que, sen dúvida, descubriremos emocións imperecedoiras. Visitaremos a antiga Central de Ventureira e a ponte romana que salva o río Sesín no camiño real de Gunxel a Paces e, por fin, chegaremos até o Canón do Eume. Aquí atopámonos ante unha paisaxe fascinante, estraña, na que a acción do home -o inmenso encoro que detén as augas- convive coa natureza más indómita: o espectacular encaixado por onde discorre o río Eume que aquí recibe, non só o afluente Murexoso, senón a mirada antiga dese imponente corredor ecolóxico que é o monte Fontardión.

AS PONTES

Entre a historia máis contemporánea desta vila, caracterizada pola explotación mineira do lignito e a actividade da central térmica, por unha banda, e, por outra, a súa prehistoria albiscada nos importantes achados arqueolóxicos como son os círculos líticos, o vaso campaniforme ou os sartegos paleocristiáns, existe unha data fundamental, a de 1376, ano no que ten lugar a concesión, por parte do rei Henrique II, do señorío das Pontes de Heume a don García Rodríguez de Valcárcel.

Foi este señor feudal quen encetaría o pulo construtivo que fai asemade desenvolver con maior auxe a poboación existente e que se supón asentada a carón do camiño real de Lugo a Ferrol, no enclave por onde a ponte cruza o río Eume. Unha ponte que mendou construír -se cadra, sobre outra de madeira- García Rodríguez -de aí o nome da vila-, pero que é coñecida como Ponte dos Ferros. Esta ponte ten dous ollos e, malia a súa simetría, é ben fermosa.

Pola súa parte, cun único ollo sempre aberto mira a Ponte Romana -aínda que se supón tamén medieval- as augas do río Chamoselo ao seu paso pola parroquia de Santa María de Vilavella, no antigo camiño cara a Viveiro.

E tres son os arcos que dan luz á Ponte de Isabel II, realizada no século XIX e principal vía de acceso a este concello.

Camiños e más camiños tecen unha rede que, como a malla de vasos sanguíneos que nutren o ollo, fornece esta vila que tantas veces semella no seu óvalo ensimesmada, pero sempre esperta por esa especie de nervio óptico que é a inmensa cheminea de Endesa -356 metros de altura- e que parece disposta a levar toda a luz do sol até o soño apagado do carbón.

Camiños e más camiños por entre carballeiras, vales vizosos, piñeirais, casas de granito e teito de lousa, ganderías, colmeas, pequenas igrexas e admirables cruceiros. Ribadeume, San Pedro de Eume, A Faeira, O Freixo, Goente, O Appardal, Deveso, Bermui, Espiñaredo, Somede, Seoane, Vilavella.

Camiños que nos levan pola Serra Faladoira ata Bares, hoxe por entre muíños eólicos, noutrora camiño dos arrieiros por entre unha fabulosa concentración de túmulos descuberta por don Federico Maciñeiras na primeira metade do século XX e hoxe praticamente desaparecidos na súa totalidade.

Porén, non todo está perdido: no monte Marraxón persisten varios conjuntos de mámoas. Subimos ao seu pico máis alto: o monte Caxado.

Aquí captamos unha sensación estraña, a percepción de algo sagrado que nos pon en relación con algo íntimo e cósmico. Dende este cume, estampado en rebentos púrpura de queiruga, a vista panorámica é increíble. Paisaxe sensual de montañas núas e redondeadas polo vento, en xogo mutante de perspectivas e tamén de luz e sombra. E véñennos aquí, como traídos por unha profunda corrente emocional, aqueles versos inesquecibles que Lorenzo Varela dedicou ao Dolmen: “*É sagrado o teu silenzo:/ ao pé de ti fala a choiva, / sobor de ti canta o vento / e dentro de ti, ti escoitas.*”

Pedra: Reloxo de sol. Testemuño dun tempo inmemorial e da permanencia humana.

Non obstante, decidimos volver ao bulicio social. E se é 24 ou 25 de xullo iremos en romaría ás Fragas do Eume, festas nas que ademais ten lugar o festival “Nabiza Rock”

E se é carnaval á festa do grelo e se é outono á festa do cogomelo. Valores, como non, dun patrimonio máis amplio que, de certo, vai enriquecerse coa rehabilitación da entulleira exterior da Mina das Pontes, unha vez que cesou a súa explotación industrial; plan que inclúe o asolagamento polas augas do inmenso oco da mina para a formación dun lago no que, se cadra, fitará o cervo os seus ollos encantados.

MONFERO

A paisaxe abraiante que caracteriza as terras de Monfero non é, ao noso entender, outra cousa que a manifestación externa dun misterioso mundo interior. Fascinante como a mirada dos ollos dun lobo na mesta escuridade da noite. Casas que se apiñan e se afastan unhas de outras. Casas de pedra e lousa que velan a historia íntima dun lugar sempre en rumor de verdes.

Ríos encabalgados por briosas pontes ás que abonda un só ollo para saber da luz que percorre ao trote o ceo de leste a oeste nun invisible ou vistoso arco da vella.

Sobre o río Frei Bermuz vai a Ponte do Dez. Vai a Ponte de San Paio sobre o Lambre e outra Ponte -coma as devanditas, tamén esta do século XV- sobre o río Lambruxo.

Entre montes como mestas masas de cor van as augas correntes levando as efémeras nubes que adoito traen cifradas mensaxes do mar até os altos cumes.

Cumios de Sanguiñedo. Montelongo e Pena Cavada.

Dos altos piñeiraís baixamos, polo impresionante camiño dos Cerqueiros, até as húmidas Fragas do Eume. A mirada non se dá afeito a un espectáculo de tal natureza.

E outra rota formidable pode ser a que nos leve polos montes da Marola e Pena Fesa. E sen dúbida paga a pena achegarse ao monte Pendella, onde atoparemos o miradoiro dende o que a ollada pode abranguer, ademais de serras e vales, a central térmicas das Pontes, a comarca das Mariñas e A Coruña coa súa Torre de Hércules.

Pero se a vista é o sentido que semella predominar polas terras de Monfero, non o son menos outros como o do olfacto. Recende a resina e a herba e nesa atmosfera parece posible soñar cunha moura de cabelos louros e ollos azuis; un soño que se fai realidade nunha moza de céltica apariencia que nos sae ao paso co seu peite de ouro para conducirnos ao monte dos Edreiros en Vilachá a fin de admirar coas xemas dos dedos os petróglifos, esos signos gravados na pedra polos nosos devanceiros da prehistoria, grafías estudiadas e catalogadas nesta estación polo profesor J. Francisco Correa.

O soño traeranos áinda outra figura real, a imaxe dun home -antigo habitante dun castro- de rostro engurrado, sentado nun tallo e a carón dun feixe de vimbios cos que está a confeccionar un paxe que levará a algunha feira. A escena acontece preto do Mosteiro e non lonxe de onde seica se apareceu a Virxe da Cela, avogada dos que padecen apoplexía,

paroxismo e naufraxio e cuxa romaría se celebra cada primeiro de Xullo. O retablo pétreo que mantén viva esta devoción atópase no interior da igrexa deste singular mosteiro ergueito baixo a advocación de Santa María de Monfero. Probablemente sobre un cenobio do século X, atribúese a súa fundación ao emperador Afonso VII, que confirma en privilexio en 1135. E, aínda que o mosteiro se inicia baixo a regra de San Bieito, axiña muda o hábito negro polo branco do Císter, orde coa que acada un grande poderío económico, sobre todo a partires de que a liñaxe dos Andrade o toma baixo a súa protección; non en balde, a igrexa convértese en panteón dalgúns dos seus más destacados cabaleiros. Neste senso, é de salientar o sepulcro gótico de Nuño Freire de Andrade *o Mao*.

Tampouco podemos deixar de admirar, dende a perspectiva artística, o perfeccionismo da grande cúpula octogonal no interior; e no exterior, a fachada barroca na que sobresae a disposición da cantería en forma de xadrez pola alternancia do granito e da lousa. Do mesmo xeito, impresionan as dúas columnas xigantes e as dúas pilastras que ascenden poderosas até a cornixa superior.

Mais se o século XII é o da reedificación de todo o conxunto monacal, será o XIX, coa exclaustración, o século do seu declive. Se cadra, foi a celebración do culto o que mantivo en pé a igrexa, pero mesmo a súa importante biblioteca foi espoliada. En calquera caso, ben paga a pena achegarse a este lugar onde, quizais, os antigos adoraron a Xove e onde agora podemos despoxarnos das presas e andar de vagar, con certo abandono, no espazo recollido dos claustros renacentistas, mentres escoitamos a pregaria enxoita da fonte barroca.

E antes de saír destas terras, compre aínda demorarse noutras ermidas como a de Lagares en San Fiz, a de Santo Andrés de Ribeira, a de San Bartolomeu de Queixeiro ou a de Boicornello no Val do Xestoso que posúe tallas de madeira policromada e pinturas murais.

E marchamos de Monfero coas nubes que paceron un instante nas extensas praderías, querendo xa volver pois tanto saber se nos oculta. Mais aínda nos detemos a parolar do tempo nunha das súas fartas cantinas.

O RÍO EUME E AS FRAGAS

O Eume nace en Seixo Branco, na Serra do Xistral.

Hai xa uns cantes anos, o río baixou pardo e lamoso. Semellaba incapaz de arrastrar a súa propia corrente. Foi, quizais, o momento máis tráxico da progresiva contaminación que a Central Térmica das Pontes viña producindo na redonda dende a súa instalación. Foi tamén a partires deste desastre -e as consecuentes mobilizacións cidadás- que se puxeron en marcha mecanismos de control e outras medidas que culminarían coa Declaración do Parque Natural das Fragas do Eume en 1997.

Pero naqueles días nefastos, as xentes da comarca enfermamos dunha fonda tristeza. Algo se nos estaba a morrer por dentro, porque o Eume é o río da nosa vida. Nacemos coa súa transparencia correntía nos ollos e canda ela escoitamos o rumor do noso propio corazón. Pero, ademais, o río foi o alento vital -social e económico- da nosa comarca.

Algún día as súas augas -xenerosas en troitas, reos e salmóns- axudaron a matar a fame. Augas nas que baixaba beber o xabarín que habita as fragas.

As Fragas do Eume son miles de hectáreas que, nunha sorprendente alternancia de valgadas e gargantas a ambas marxes do río, compoñen a representación máis rica, variada e mellor conservada do bosque atlántico europeo, atopándose na súa frondosa xeografía especies únicas tanto en Galicia como no resto do continente; unha flora -sobre todo no que atinxe a liques e fentos- de alto interese científico.

Agreste e fermosísimo lugar que o home conquistaría con descomunal esforzo. Neste senso, son elocuentes as palabras de Xosé Criado, garda forestal retirado e fragueiro dende os 13 anos: “*A fraga e o río foron o arsenal da comarca*”. Con este home percorremos boa parte do decurso fluvial nunha viaxe tan abraiante como reveladora. Trátase tamén dunha viaxe pola memoria que Criado actualiza en cada pozo do río, en cada fonte, en cada carballeira.

Todo aquí ten nome porque ten historia. Historia dun xeito de vivir fundamentado na explotación forestal.

Carballo, abeleira, castaño, freixo, bidueiro, salgueiro, budio, loureiro, teixo, acivro ou érbedo son poboadores naturais que como prehistóricos animais baixan agarrándose aos inmensos e inclinados lombos destes montes.

Tanto nos meses de verán como ao longo do duro inverno, as cuadrillas -chamadas partidas- de fragueiros dedicábanse ás tarefas de aproveitamento da cortiza e explotación da madeira.

Os homes baixaban os lotes ben atados dende as alturas de Caaveiro até a beira do río. E a partires de aquí o seu transporte alternábase ben a pé, polas congostras; ben en barca por onde o calado da corrente o permitía. E así até o Pozo Avarento, a onde chegaban os carros de vacas que finalmente levaban a mercancía a Alameda.

Unha prezada mercancía que, dende as orelas, os homes canalizaban cun bicheiro ao longo de varios quilómetros fluviais e por paraxes de sorprendente beleza, mais non exentas de obstáculos.

Dende as Gaiadas e as Forcadas de Caaveiro, onde se abrazan o Eume e o Sesín, había que pasar o Pozo Redondo, de 12 metros de fondo. O curuto de Pena Má, á marxe dereita, que divide os concellos da Capela e de Cabanas.

A Figueira -onde agora se atopa o segundo refuxio-, A Brañiña, Pozo Fornelos -o más longo do Eume cun calado de 9 metros-, moi preto da segunda ponte colgante.

Logo veñen As Carabelas, e sucesivamente os pozos Estrile, Benito, Avarento e Don Domingo. E chegarían ao Chao de Ruibal onde, á beira esquerda, apareceron no monte cantos rodados e tellas que se supoñen dunha vila romana, mais que a lenda atribúe aos *mouros*.

Seguen Pozo Branco, Pozo de Castaño de Cedo até Ferrerías, onde se dá a pendente más pronunciada do río e, xa que logo, a corrente más rápida. Na marxe esquerda deste tramo, onde remata o concello de Pontedeume e principia o de Monfero, é seguro que houbo antigamente un forno de fundición e, en tempos más recentes, unha minihidráulica que aproveitaba a auga do río Ferrerías que, dende a Castiñeira en Santa Mariña de Taboada, baixa despenándose por un abrupto descenso sementado de muíños.

Pero non esquezamos aos afoutos homes que seguen a fincar na madeira río abaixo, enderezando desvíos e sorteando penedos, metidos nas frías augas a ter conta de que ningún ramallo fiqueatrás.

Terían, pois, áinda que atravesar os Pozos das Vacas e o de Calgrande; a Pena de Morcegos e Pena Salgada; o Rebentón e a Fraga do Conde; a Pena Anxeliño, cunha cruz gravada na súa superficie e o Pozo do Loureiro.

Axiña vén a Alameda e un pouco más adiante un dos puntos más conflictivos para as partidas: as penas chamadas Tres Mariás e Pedra da Auga.

Agora non hai máis que cruzar o Pozo de Pescodado, até onde chegan as mareas e, xa logo duns metros más, a carga arribaría á Canteira do

Andarivel, así chamada pola barreira feita con dous adivais trenzados que, dunha a outra orela, servía para deter a madeira.

Aquí deitábase no chan para despois cargala en lanchas de 7 ou 8 toneladas que a levarían a vender ata Redes, Ares ou Sada.

Ao cabo, longo e sinuoso percorrido que desemboca no mar aberto. Un mar que se achega como unha recompensa ou como unha chamada.

Eva Veiga